



ASOCIACIÓN VIEIRO

QUÉREME BEN

Curso de educación afectiva para alumnado de 1º e 2º de
Educación Secundaria Obrigatoria

1.- Presentación e xustificación.

2.- Obxectivos.

3.- Poboación destinataria.

4.- Metodoloxía

5.- Contidos

6.- Lugar de celebración

7.- Duración



ASOCIACIÓN VIEIRO

1.- PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

Os diferentes estudos en violencia de xénero e xuventude sinalan a necesidade de intervir, mediante a prevención, nos/as adolescentes, co obxecto de facilitar habilidades e coñecementos para construír relacións de parella máis sans, á igual que para dotar das ferramentas para identificar as primeiras sinais, rompendo mitos e estereotipos entorno á violencia e o amor romántico que son os que alimentan o inicio e mantemento das relacións tóxicas.

A repetición sistemática de modelos de feminidade e masculinidade tradicionais é unha das principais causas que explican o problema da violencia de xénero, xa que a sociedade castiga e presiona cando non nos comportamos como corresponde aos modelos aceptados na nosa cultura, por exemplo se un neno xoga ás bonecas ou unha nena xoga ao fútbol.

“*Quéreme ben*” consta de catro sesións divididas en dous bloques: un primeiro bloque no que se traballa a igualdade de xénero e os estereotipos e roles que desempeñan as mulleres e os homes na sociedade; mentres que no segundo bloque se fala sobre o amor romántico e a violencia de xénero.

2.- OBXECTIVOS

- Definir conceptos de: igualdade de xénero, estereotipos de xénero e roles de xénero.
- Identificar os estereotipos sobre homes e mulleres que aparece nos medios de comunicación, na música, no cine, nas revistas, etc.
- Definir as diferenzas entre gustar, atraer e amar.
- Analizar e cuestionar os mitos do amor romántico.
- Definir a violencia de xénero e as súas características.
- Desmentir os mitos sobre a violencia de xénero.



ASOCIACIÓN VIEIRO

3.- POBOACIÓN DESTINATARIA

A poboación destinataria do curso é o alumnado de 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria.

4.- METODOLOXÍA

A metodoloxía utilizada é activa, participativa e dinámica, baseada no modelo participativo.

O curso contén actividades interactivas, tales como dinámicas, debates, vídeos e actividades en grupo para favorecer o intercambio de ideas, a participación e o afianzamento de contidos.

5.- CONTIDOS

O curso divídese en dous bloques temáticos, compostos a súa vez por dous obradoiros:

Bloque 1: Igualdade de xénero e estereotipos de xénero: *“Iguais e diferentes”*

- *“Igualdade de xénero: é real?”*
- *“Rompendo estereotipos”*

Bloque 2: Amor e violencia de xénero *“Non é amor todo o que reluce”*

- *“Mitos sobre o amor”*
- *“Violencia de xénero”*

6.- LUGAR DE CELEBRACIÓN

Centros de Educación Secundaria



ASOCIACIÓN VIEIRO

7.- DURACIÓN

O curso está composto por un total de 4 sesións de 50 minutos de duración cada unha.